

20. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre a evolución da oposición ao Réxime franquista (1939-1975).

A toma de Madrid o 1 de abril de 1939 polo bando sublevado marca o fin da Guerra Civil e o establecemento dunha longa ditadura denominada Réxime franquista (1939-1975) que fundamentou a súa lexitimación nesa vitoria e na necesidade de “salvar a España do mal” (socialismo, liberalismo e anticlericalismo).

Franco creou un réxime que primeiro tratou de imitar o fascismo italiano (líder único, partido e sindicato único con intervención do estado na economía) que debido ao contexto internacional de illamento trala Segunda Guerra Mundial irá derivando nun réxime autoritario baseado no nacionalcatolicismo. Este réxime político afirmábase nunhas bases ideolóxicas tanto en sentido negativo (antiliberal, anticapitalista, anticomunista, antirrepblicano, antisemita) como en sentido positivo (defendendo o caudillismo, o nacionalsindicalismo; o nacionalcatolicismo, o ultramilitarismo e o hipercentralismo). A súa longa permanencia no tempo radica nos apoios de catro piares fundamentais: a Igrexa, o exército, FET y de las JONS (partido único do réxime creado tras o Decreto de unificación do 37) e certos sectores socioeconómicos (empresarios industriais e financeiros, terratenentes, pequena burguesía urbana e campesiños propietarios). Estes apoios irán fluando xunto coa evolución económica e dentro deles acabarán xurdindo grupos opositores.

En termos xerais podemos dividir a oposición en dous grandes grupos: a externa e a interna. A oposición interna foi leve e ten a súa orixe na heteroxeneidade ideolóxica que aglutinaba o bando sublevado e na convivencia de diferentes familias políticas no goberno. A oposición externa provén basicamente dos grupos ideolóxicos derrotados na Guerra civil: demócratas, movemento obreiro e nacionalismo periférico. Para a comprensión da caída do Réxime é fundamental comprender que a evolución da oposición está en relación coa propia evolución económica da ditadura.

O fin da Guerra civil (1936-1939) iniciou un longo período no que os sublevados trataron de eliminar aos vencidos a través da Lei de responsabilidades políticas de 1939 e se calcula que foron executados ao redor de 40.000 persoas ata finais da década dos 40. A posguerra caracterizouse pola represión política, o control ideolóxico e social, as dificultades nas relacións exteriores e a autarquía económica.

Na oposición interna os falanxistas radicais reclamaban unha política máis anticapitalista e antimonárquica, pero foron silenciados con represión ou obrigados a abandonar Falanxe (Dionisio Ridruejo). Os monárquicos juanistas realizaron o Manifesto de Lausanne de 1945 (pedía a restauración da monarquía dos Borbóns como forma de reconciliación e de paz), pero foron adormecidos coa Lei de sucesión á xefatura do Estado de 1947 (España pasaba a ser un reino e Franco permanecía como ditador vitalicio con dereito a elixir o príncipe sucesor).

Dentro da oposición externa, a acción do exilio exterior é insignificante e sen capacidade organizativa (forman un goberno no exilio no México de Lázaro Cárdenas). En España os que non puideron exiliarse, principalmente organizados polo PC, formaron os maquis ou guerrilla antifranquista como fórmula de defender a restauración da República, coa esperanza de que o fin da II Guerra Mundial (tal e como fora recollido na Carta do Atlántico de 1941) implicase o fin do fascismo-nazismo-franquismo. A orografía galega levará a unha gran actividade de guerrilla na que destacan o Foucellas e O Piloto. No 1944 a derrota no Vall d'Arán e o posterior recoñecemento internacional do réxime en 1953 leva á fin desta. Polo tanto, o réxime franquista logrou con facilidade controlar e debilitar a oposición. Só cabe mencionar como explosión de malestar a folga dos 3000 obreiros das industrias biscaíñas en 1947.

Os anos 50 son a culminación do fracaso das medidas autárquicas e da necesidade de aumentar o comercio exterior. Os feitos clave favorecedores da apertura foron o contexto internacional da Guerra

20. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime

Fría, o concordato co Vaticano en 1953 (confirmaba o apoio que Franco recibira das autoridades católicas) e os Acordos cos EEUU no 1953. Nestes últimos os Estados Unidos situaban bases militares en España a cambio de axudas económicas, novas técnicas industriais e o recoñecemento do réxime. En 1955 a ONU recoñecería a España como membro e en 1959 o presidente estadounidense Eisenhower visitará España, reafirmando este apoio.

Nestes anos destaca a fundación das comisións obreiras (CCOO) por Marcelino Camacho como alternativa clandestina ao sindicato vertical nado no Foro do Traballo (1938), que irá logrando afiliar a moitos traballadores baixo a influencia clave dos militantes do Partido comunista (dirixido por Dolores Ibarruri e Santiago Carrillo). Prodúcese protestas dos universitarios, debidas ao enfrontamento entre os partidarios da reforma educativa do ministro de Educación, de orientación católico aperturista, e os estudantes inmovilistas que apoiaban a un ministro de orientación falanxista. Franco toma unha decisión salomónica e opta por cesar ós dous ministros. Francia descoloniza Marrocos en 1956 por sorpresa. Franco terá que facer o mesmo e iníciase reclamacións marroquís para a descolonización do Sahara. Finalmente, terá especial importancia a fundación en 1959 da organización Euskadi ta Askatasuna (ETA), como unha escisión do PNV, de forte implantación entre os mozos e o clero e cun claro matiz antiespañolista e antiemigración. Asasinaban a cargos políticos do franquismo e a militares a fin de liberar Euskadi.

Os anos 60, nos que se confirmaría o éxito da apertura caracterízanse pola tranquilidade política, o crecemento económico e o impulso dos Plans de Desenvolvemento. O incremento do nivel de vida provocou entre os españois unha dobre reacción. A maioría dos españois manifesta unha actitude conformista, séntese satisfeita coa mellora nas condicións de vida; porén, unha minoría de españois mostra unha actitude inconformista e considera que son imprescindibles as liberdades políticas.

Nesta década consolídase a actividade do PC no exilio. No congreso do Movemento europeo en Múnic (1962), pídese á CEE que non admita a España como membro ata que se democratizase, ao que Franco reaccionou acusando aos demócratas de inimigos de España (entre os que figuraba o propio Salvador de Madariaga) e comunistas e reprimindo ós que regresaran do que os franquistas chamaron “o contubernio de Múnic”. O Concilio Vaticano II (1965), que buscaba modernizar a Igrexa para adaptarse aos novos tempos, levou ao propio Papa Pablo VI a pedir perdón ós españois por non ter sabido colaborar na reconciliación entre os españois tras a Guerra civil. Franco sentiuse traizoado e criticou a deslealdade e ingratidade do clero ó que tanto beneficiaran economicamente. Supuxo o inicio dunha corrente progresista dentro do clero. Ademais, ten importancia a decisión de ETA de optar pola loita armada para combater o réxime. Cómpre destacar o fracaso do Proceso de Burgos en 1970, que pretendía dar un escarmiento a ETA polo asasinato de Militón Manzanas, condenando a dezaseis etarras á pena de morte, o que acabou nunha grande protesta interna e internacional, que ocasionou un illamento internacional similar ao dos anos 40 e obrigou a Franco a indultalos.

A fins dos anos 60 e comezos dos 70 confírmase a crise do desenvolvemento económico e do propio réxime político, agravadas gravemente pola crise do petróleo do 1973, que tivo lugar a raíz da guerra do Yom Kipur, tras a que a OPEP (Organización de Países Exportadores de Petróleo) pechou o subministro do petróleo para presionar a occidente. A sociedade divídese en inmovilistas (que queren manter o réxime), rupturistas (que avogan por unha democracia *ex novo*) e reformistas (queren transformar a ditadura nun sistema democrático para entrar na CEE como vía a superar a crise, xa que ao ser unha ditadura declinaba o seu ingreso e so se conseguira un acordo de comercio preferencial coa CEE en 1970).

A morte de Carrero Blanco, de clara liña continuísta, en 1973 nun atentado de ETA desorientou a Franco e ós franquistas e agravou moitísimo a inestabilidade política debida ao mal estado de saúde do ditador, o que xerará enfrontamentos internos entre falanxistas e tecnócratas polo control (caso MATESA). O novo presidente do goberno, Arias Navarro caracterizouse inicialmente polo “espírito

20. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime

aperturista do 12 de febreiro”, pero pronto, ante as fortes críticas dos inmovilistas decidiu anular todas as promesas de cambio e refuxiarse nas medidas represivas.

Iniciaránse unha serie de crises que levarán á fisura das bases sociais fundamentais: aparición de clero progresista con García Añoveros e Tarancón; o exercito a raíz da Revolución dos caraveis no 74 en Portugal coa creación da UMD; a Marcha verde en 1975 en Marrocos e a descolonización forzosa e, sobre todo, o aumento dos reformistas (interese do mundo financeiro e empresarial na entrada na CEE para mellorar a situación económica) en detrimento dos inmovilistas. Tras a morte de Franco o 20 de Novembro de 1975 o réxime se queda sen apoios. Así, abrírase un período de grande incerteza coñecido como Transición.

Como conclusión, podemos dicir que a evolución económica condicionou profundamente a evolución da oposición e viceversa, pois provocou o transvase dos inmovilistas aos reformistas ao ver frustrados os plans de entrar na CEE debido á existencia dun réxime totalitario e vendo como única opción de saída da mesma a fin dese réxime.